

SERGIO MOURE DE OTEYZA

COLEXIO AUDIOVISUAL

Sergio Moure de Oteyza é un compositor con máis de 20 anos de experiencia en cine e televisión. Realizou e produciu a banda sonora de máis de 20 longametraxes nacionais e internacionais. Entre elas, **“El cuerpo”** (*Oriol Paulo*), **“Secuestrados”** e **“Extinction”** (*Miguel Angel Vivas*), **“Inconscientes”** (Joaquín Oristrell, con candidatura á Mellor Banda Sonora Orixinal nos premios Goya), **“Todo es silencio”** (*José Luis Cuerda*), **“Feedback”** (Pedro Alonso), **“Lobos sucios”** (Simón Casal) ou **“Tesis sobre un homicidio”** (Hernán Goldfrid). En TV, a súa música ten soado nun gran número de producións, como **“La batalla desconocida”** (Paula Cons), **“Mercado de futuros”** (Mercedes Álvarez) ou as series **“Seis hermanas”** e **“Hospital Valle Norte”**, ambas producidas por TVE.

As súas composicións teñen sido interpretadas por grandes formacións, como a Orquestra Sinfónica Cidade de Praga, Orquestra Sinfónica de Galicia, Orquestra Sinfónica de Córdoba, Orquestra Sinfónica de RTVE, SIF 309 de Sofía (Bulgaria), Real Filharmonía de Galicia, Orquestra Sinfónica de Euskadi, Orquestra Sinfónica de Macedonia ou Orquestra Mad4Strings (Madrid).